



PRESENTACIÓN DO CICLO “APRENDENDO EN FAMILIA”

Estimadas/os nais e pais do IES ROU de Vigo:

Dende a ANPA ROU queremos presentarvos o Ciclo formativo “APRENDENDO EN FAMILIA”

XUSTIFICACIÓN

Xa na mesma xuntanza na que se conformou esta nova directiva foi expresada por algunha das familias alí presentes que sería unha iniciativa interesante poñer en marcha unha escola de pais/nais con diferentes temas de interese para a xestión familiar e o acompañamento dos nosos fillos e fillas nesta aventura no instituto.

Como nais e pais consideramos tamén que a adolescencia, que é o momento vital das nosas fillas e fillos nesta etapa educativa é un reto en sí mesmo e un contexto con características específicas que debemos ter presente.

E a todo isto temos que sumar o peso do contexto socio-sanitario no que como sociedade estamos inmersos a causa da pandemia por COVID-19.

Así mesmo nos nosos primeiros contactos coa dirección e o profesorado do centro propuxémoslles que nos trasladasen temáticas que eles e elas consideren de interese.

E conxugando todo isto é como nace a iniciativa que agora vos presentamos.

OBXECTIVO XERAL

- Poñer en marcha un espazo de comunicación e formación dirixido as familias no que crecer xuntos e xuntas e mellorar o noso día a día no seno da familia e co noso entorno.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Desenrolar actividades formativas dirixidas a nais e pais.
- Promover actividades comunicativas cara os alumnos/as sobre temas do seu interese.
- Propiciar un espazo de comunicación aberta onde propoñer temáticas e ideas para levar a cabo esta iniciativa.

ACTIVIDADES CONCRETAS

Comezaremos con unha actividade dirixida a nais e pais (cartel informativo adxunto)

I. FERRAMENTAS PARA XESTIONAR A ANSIEDADE E O ESTRÉS

Terá lugar no Salón de Actos do IES o día 15 de decembro ás 17:00h (duración estimada 1 hora e media)

A docente será **Rocío Álvarez**: mestra de infantil e primaria, guía Montessori e Terapeuta. Educadora de Disciplina Positiva. Máster en Psicoloxía da conducta. Posgrado en Psicopedagogía Clínica e Posgrado en Psicoloxía Positiva e Educación Emocional. Especialización en Neurociencia Educativa.

As plazas son limitadas, a formación é gratuíta, e terán preferencia os socios e socias da ANPA.

Para poder ter un control do aforo, solicitamos a todos/as interesados/as que fagan a súa inscrición no seguinte enlace <https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSff1gawjQPTEEAwo1q3WruXziGjr-Sf5T673MySuKQUx9zLXQ/viewform?vc=0&c=0&w=1&flr=0> ou no formulario que se vincula co código QR do cartel.

ANIMÁDEVOS A DISFRUTAR DE ESTA CHARLA E ENVIÁDE AS VOSAS PROPOSTAS PARA PRÓXIMAS ACTIVIDADES POLAS VÍAS DE CONTACTO DA ANPA ESPECIFICANDO “CICLO APRENDENDO EN FAMILIA”